



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n  
15863 A Baña (A Coruña)  
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516  
Fax: 981 886 616  
[correo@abana.dicoruna.es](mailto:correo@abana.dicoruna.es)  
[www.concellodabana.es](http://www.concellodabana.es)



## BANDO INFORMATIVO SOBRE O TRANSPORTE METROPOLITANO

O Concello da Baña beneficiarase a partir do vindeiro luns, 14 setembro, dos descontos do Plan de Transporte Metropolitano de Santiago de Compostela.

As tarxetas de transporte metropolitano estarán dispoñibles nas oficinas de Abanca do noso municipio, ou en calquera outra onde estea implantado este servizo.

Con este novo paso útmase o dispositivo para a posta en marcha do programa de transporte público impulsado pola Xunta de Galicia. Os dispositivos de pago, cun prezo bonificado de 2 euros, poderán adquirirse sen necesidade de ter unha conta asociada, só presentando o DNI, e funcionarán como tarxetas moedeiro que deberán recargarse nas oficinas ou nos caixeiros.

As persoas usuarias deste servizo acadarán descontos de entre o 30 e o 50%, no caso da Baña será dun 40% máis os transbordos no urbano gratuítos.

O portal web do Transporte Metropolitano de Galicia, <http://tmg.cmati.xunta.es/>, ofrece unha detallada explicación do seu funcionamento e das súas vantaxes e inclúe os cambios que supón en canto ao abaratamento das viaxes e á bonificación dos transbordos.

Para solucionar calquera dúbida ou para obter máis información, estaremos a súa disposición no Concello da Baña ou no teléfono 981 886 501.

A Baña, 8 de setembro de 2015

O alcalde



José Andrés García Cardeso